



Parque Natural Cantanhez (Guiné-Bissau)

© Bea Gamallo

HeriQ: buscando a autoestrada cara a calidade da formación en Interpretación *HeriQ: looking for the highway towards the quality of training in interpretation*

Evarist March. Guía da Natureza, Director de Naturalwalks e entrenador d Proxecto HeriQ (España)

Resumo

A interpretación do patrimonio é unha disciplina xove, aplicable en multitude de campos. En 1999, o profesor Thorsten Ludwig inicia unha serie de proxectos, financiados desde Europa, coa finalidade de establecer uns criterios de calidade e as bases prácticas para capacitar nos principios da Interpretación do Patrimonio en Europa, que rematarán co Proxecto Heri Q: un proxecto formativo dirixido a axentes formativos para establecer unha serie de estándares fácilmente transmisibles e basados nun proceso constante de intercambio e avaliación cos participantes.

Astract

Heritage interpretation is a young discipline, applicable in many fields. In 1999, Professor Thorsten Ludwig initiated a number of projects financed from Europe, with the aim of establishing quality criteria and practical bases for training in the principles of the Heritage Interpretation in Europe, which will end with Project Q Heri: a training agents project aimed at establishing guidelines for a number of easily communicable and based on a constant process of exchange and evaluation standards with participants.

Palabras chave

Interpretación do Patrimonio, Calidade, Capacitación, Unión Europea

Key-words

Heritage Interpretation, Quality, Training, European Union.

Introdución

Na actualidade cando alguén intenta profundar no ámbito do que chamamos a *Interpretación do patrimonio*, o primeiro que un se dá de conta é da pouca información práctica que se dispón: poucos documentos e a maioría deles baseados en moi poucos autores, boa parte con orixe nos EEUU.

É obvio que se trata dunha disciplina nova no vello continente, na que aínda seguimos enredados en esclarecer os límites desta con outros ámbitos relacionados coa educación formal e non formal. Posiblemente tamén porque se trata dun corpus de ferramentas aplicable a unha amplitude de campos tan grande como dea de si nosa imaxinación.

Nestas marismas da interpretación do patrimonio nace en Alemaña, o ano 1999 da man do profesor Thorsten LUDWIG, a idea de crear un proceso co fin de chegar a establecer unhas bases prácticas, probadas e consensuadas para poder capacitar a persoas no uso dos principios e as ferramentas na Interpretación do Patrimonio en Europa.

Para iso, o primeiro dos pasos do proceso foi o proxecto TOPAS (*Training of Protected Area Staff*). Realizado entre os anos 1999 e 2006, en que o seu obxectivo centrouse no desenvolvemento de estándares de calidade na interpretación, a

través da realización de diversos cursos piloto en “Ferramentas básicas en Interpretación” realizados en Alemaña, Italia e Austria. Unha vez finalizado, incluíronse no proxecto: os estándares, criterios e competencias para vincular a interpretación do patrimonio co coñecemento en sostibilidade. Diso naceu o *Proxecto ParcIntership* (2008-2012).

Finalmente, e da suma dos pasos anteriores, naceu o actual proxecto HeriQ (*Heritage Story Telling-Quality Interpretation*¹, 2013-2015), co obxectivo de reforzar a calidade dos guías interpretativos e axentes² a través da experiencia dos proxectos anteriores.

Cada un dos proxectos foi financiado por fondos da Comisión Europea, no caso de HeriQ, a través dun Proxecto Leonardo de Transferencia de Innovación coa participación de seis organizacións de Alemaña, Grecia, Italia, Francia e Bulgaria.

HeriQ: un curso moi “made in Germany”

Así naceu HeriQ, coa vontade de crear uns estándares facilmente transmisibles e

1 Contando historias do Patrimonio

2 Nome formal que se lle deu aos adestradores no marco da UE a falta dunha figura definida e legal.

baseados nun proceso constante de intercambio e avaliación cos participantes.

O seu inicio no terreo desenvolveuse a través dun curso piloto no *Harz National Park* (Alemaña), en Outubro do ano 2014. O foco do proxecto centrouse na interpretación baseada nos recursos naturais, dado o seu vínculo co ámbito da sustentabilidade.

No curso participaron un total de 18 persoas de 9 nacionalidades, que representaban maioritariamente a cinco organizacións ambientais, de conservación ou relacionadas coa Interpretación. O curso tivo unha duración de 8 días e unhas longas xornadas de traballo.

A formación alternou os insumos teóricos coa práctica da totalidade dos contidos, máis distintas achegas de especialistas diversos sobre o tema (conservación, educación ambiental, interpretación, ..) e complementada con numerosas visitas a instalacións de interpretación, museos, centros de interpretación e información, espazos ao aire libre e visitas con intérpretes culturais (Foto 1 e 2).



Foto 1: No Parque Nacional Harz.



Foto 2: No Centro de interpretación do Parque Nacional Harz.

O obxectivo final da formación era capacitar a un número de persoas para que actuen como axentes formadores, coa vontade que implementen as súas aprendizaxes a través de novos cursos nas súas zonas de traballo.

O compromiso dos participantes que representaban ás organizacións que eran parte do proxecto, consistía na tradución da documentación (dossier, fichas de traballo, presentacións) á lingua de cada institución e a execución dun mínimo dun curso.

Na actualidade os manuais do curso traducíronse a 12 idiomas, entre eles ao español e catalán³.

Até a actualidade realizáronse un total de 6 cursos (un en Francia, dous en Grecia, un en Bulgaria, e dous en España).

3 A documentación pódese descargar libremente a través da páxina web do proxecto. <http://heriq.org/category/downloads/>

Os cursos que levan a acabo os axentes, son de 5 días de duración, e realizáronse de forma intensiva ou ben en dous partes.

O obxectivo final é que o ou a intérprete poida explicar o significado dos obxectos e os lugares como parte da interpretación do patrimonio. É sexa capaz de seleccionar os fenómenos⁴ naturais e culturais de acordo ao seu potencial interpretativo, compartir e revelar aspectos específicos dun xeito emotivo sen ningunha asistencia.

Entre os seus contidos destacan as estruturas básicas que forman parte da interpretación segundo os estándares de HeriQ: o triángulo interpretativo, as frase-tema, os termos básicos, as distintas ferramentas interpretativas (os trampolíns, preguntas abertas, o uso de accesorios, ou as formacións), a promoción da sostibilidade ou a avaliación como peza chave no noso proceso de aprendizaxe.

Todo iso para que en definitiva o ou a intérprete sexa capaz de realizar só unha charla interpretativa ou unha percorrido dirixido a distintos públicos.

⁴ Referímonos a fenómeno, baixo os criterios do proxecto HeriQ, a obxectos, materiais, etc. con capacidade de ser interpretables

Que hai de novo vello?

Si tivéssemos que dicir tres aspectos relevantes que destacan da formación de *HeriQ* na disciplina da interpretación, poderíase resumir do seguinte xeito:

Tocando o corazón, a cabeza e a man da audiencia

Os cursos están pensados para crear unha contorna de interactividade constante cos participantes. Os contidos buscan dar un marco contextual simple, que poida ser ffacilmente asimilable para calquera persoa -de distintos ámbitos profesionais ou amateur-, con coñecementos, ou non, sobre o tema. Á vez que todos os contidos son inmediatamente aplicados ao campo. Máis do 70% do tempo do curso está dedicado á execución da teoría a través de exercicios de todo tipo: coñecemento do grupo a través dos principios da interpretación, crear atención sobre os recursos, a comunicación e o manexo de emocións, manexo de situacións inesperadas, aplicación da sostibilidade e a avaliación, como eixes transversais á nosa tarefa como guías.

HeriQ busca, en definitiva, mostrar desde a formación todos os elementos de forma práctica que sexan incorporados cunha visión holística da persoa: estimulando o seu intelecto (cabeza), promovendo os sentimentos e sensacións (corazón), e activando en definitiva a persoa (mans).



Foto 3: As súas mans son os meus ollos: practicando o guiado interpretativo na escuridade do día.

Os intérpretes: creando pontes máis aló dos guiados

Un elemento revelador claramente distintivo é a implicación na responsabilidade por parte dos axentes e intérpretes.

O intérprete xa non é únicamente unha ponte, un mediador, un transmisor entre o territorio e o seu patrimonio, senón que exerce o seu papel de promotor, sensibilizador, protector do que mostra.

Este rol faise aínda máis destacado na estrutura do proxecto e todos os contidos, e é especialmente relevante en relación coa aprendizaxe para a sustentabilidade seguindo os estándares xa propostos pola UNESCO. Aspectos como: a aprendizaxe experiencial, o uso das historias (storytelling), a educación en valores, a aprendizaxe a través de preguntas, a avaliación adecuada, a solución de problemas futuros, a aprendizaxe fose do aula ou a reso-

lución de problemas da comunidade son incluídos na metodoloxía e os contidos.

Críticame por favor: faime mellorar!

Outro dos aspectos claramente destacados é o uso da procura activa da crítica interpretativa como unha ferramenta básica para a formación de guías baseados en criterios de calidade.

A crítica convértese nunha peza chave na interacción dos formadores e entre os participantes, como unha ferramenta capaz de estimular e potenciar as habilidades e destrezas mostradas nas demostracións, así como para dar ideas de posibles melloras.

A avaliación a través da crítica convértese -lonxe da súa aplicación a miúdo destrutiva nalgunhas contornas culturais-, nunha



Foto 4: "A xente non cambia as súas vidas baseándose nos datos. Eles cambian baseándose nunha experiencia, un íntimo contacto que teñen con alguén en que eles confían"?.

Alan AtKisson

potente palanca útil para o adestro diario de guías e axentes.

Calidade significa avaliar con criterios claros e obxectivos. Neste sentido ao longo do desenvolvemento do curso todos os participantes aprenden a utilizar os distintos formularios de avaliación de cada actividade (charla ou camiñadas) e a súa aplicación.

As probas de certificación son un exame de contidos básicos teóricos, e un guiado de campo cos seus compañeiros e compañeiras de curso en que son eles quen efectúan a crítica interpretativa fronte ao curso segundo os preceptos ensinados.

Para rematar os participantes deben realizar no mes seguinte, a planificación dun guiado no terreo a través dunha proposta escrita, onde demostren a súa capacidade de execución e a aplicación de todos os contidos.

O profesor e un consultor externo teñen, como sempre, a última palabra sobre o alcance dos obxectivos!

Próxima parada? A conquista de Europa!

Os próximos pasos do proxecto diríxense directos a buscar o recoñecemento institucional das organizacións formais que

gobernan a Unión Europea, que permitan certificar os contidos nun contexto legal e identificar aos profesionais da interpretación como profesionais de calidade. Polo momento Interpret Europe⁵, está valorando recoñecer ao proxecto *HeriQ* como a estrutura formativa adecuada para a formación en calidade para os seus membros no continente. Continuará...



5 Interpret Europe, é a organización en Europa que integra ás distintas organizacións profesionais vinculadas á Interpretación do Patrimonio, o equivalente á NAI, National American Interpretation nos EEUU.